

Extractos de *Contra la planificación*. Barcelona: Empúries, 1998, p. 169-179.

Parto do feito de que unha planificación ecolingüística ten como obxectivo a preservación da diversidade lingüística, mais non cun afán proteccionista e conservacionista *per se*, senón porque entende que a diversidade lingüística é precisa para a humanidade e ao tempo é un ben ao cal non debemos renunciar. E parto tamén do feito de que todas as linguas son igualmente necesarias para as comunidades que as falan, tanto como medio de adecuación ao ambiente como polo seu valor de ligazón coa propia tradición cultural e cos antepasados no aspecto histórico, e polo seu valor como signo de identidade non excluínte no aspecto sincrónico. No entanto, creo tamén que os individuos como tales teñen dereito a participar na vida da comunidade, sexa a propia ou calquera que os acolla, sen teren que renunciar aos seus desexos e ás súas necesidades persoais de cooperación, identificación, etc., e que a lingua é un instrumento que, ademais de facer posíbel esta participación, pode garantir este dereito na medida na que o seu recoñecemento e aceptación implica o recoñecemento e a aceptación dos individuos e o seu legado cultural.

Naturalmente, o fundamento básico da planificación ecolingüística é a igualdade de todos os pobos, todas as persoas e todas as linguas, porque só con este fundamento se pode conseguir unha convivencia equilibrada e non excluínte. Por outra banda, tendo en conta que hai unha relación de interdependencia entre pobos, persoas e linguas, non se pode garantir a igualdade duns se entre os outros se dan relacións de subordinación. Así, por exemplo, por mais que a igualdade das persoas estea consensuada, a miúdo é inexistente e, en moitos casos, xustamente por causa da xerarquización das linguas. Dado que a xerarquización dunhas –as linguas– está ligada á consideración dos outros –os pobos e as persoas–, cómpre desfacer este mecanismo perverso que acaba negando a igualdade de todos eles. Todas as linguas son iguais independentemente do seu número de falantes, da cultura que vehiculen, do seu grao de estandarización, das funcións para as que sexan empregadas e de todos os elementos lingüísticos e extralingüísticos que se queiran asociar con elas.

Como é previsíbel a reacción de desestimar a planificación ecolingüística por considerala utópica, irrealizábel, inxenua, etc., cómpre ter presente que os modelos que propón se basean en modelos que xa funcionan e funcionaron en situacións de contacto de linguas sen ter provocado procesos de substitución lingüística. Por outra banda, xa vimos que a planificación convencional non fixo máis do que calcar os modelos que serviron para difundir as linguas dominantes e propor formas de adecuación a un sistema inxusto. Os espellismos nos que se baseou a planificación convencional perpetuáronse en ficcións que todos teimamos en reproducir, e creo que ao remate é máis utópica, irrealizábel e inxenua unha planificación que non para de propor modelos caducos e inviábeis do que buscar saídas a situacións que non conduzan necesariamente á homoxeneización lingüística.

Se cadra cómpre dicir que partir da perspectiva ecolóxica para propor un novo modelo de planificación non significa dar un veriz “moderno” á cuestión. Que as ecodietas, os ecolixivias e os ecosistemas invadiran o mercado para ilo perpetuando, e que do pensamento ecolóxico saíran ideoloxías oportunistas, fundamentalistas, etc., non quere dicir que a orientación ecolóxica das humanidade en xeral, e, polo que vén ao caso, da planificación, non poida achegar solucións reais á homoxeneización lingüística. Se o pensamento ecolóxico é tan útil neste fin de século é porque, como xa dixen antes, opón a coevolución á autorrealización, o contacto ao illamento e a colectividade ao crecemento a costa dos outros. É dicir, formula unha serie de propostas para facer posíbel a convivencia –que implica comunicación– e a diversidade. Por iso os seus compoñentes esenciais deben ser a reciprocidade e o equilibrio, para frear a expansión dos fortes en detrimento dos débiles, que é o que nos está a levar ao desastre.

A perspectiva ecolóxica na planificación leva implícita a concepción da diversidade lingüística como un todo onde todos os elementos están interrelacionados e todos son imprescindíbeis

para manter o equilibrio. Por iso a desaparición de calquera dos elementos sempre implica un desequilibrio que cómpre corrixir e, consecuentemente, a desaparición de moitos dos elementos é unha ameaza para o propio sistema. Cando se di que a homoxeneización lingüística ten que ser entendida como un problema de todos e non só das comunidades lingüísticas directamente ameazadas pódese remitir este problema a unha cuestión máis ou menos metafísica, como a perda dunha das posibles visións do mundo, da estrutura única da lingua implicada, etc., minguas estas que semella que só poden preocupar aos lingüistas –e xa vimos que non é o caso– ou que, como moito, non pasan de ser unha perda sentimental. Pero a desaparición dunha comunidade lingüística ten uns efectos desequilibradores para todos polo feito de que, con cada lingua que desaparece, se altera a proporción entre número de linguas e número de falantes: mentres que o número de linguas diminúe, algunha lingua gana un sector de falantes e acentúa así as diferenzas demográficas entre comunidades e, en consecuencia, entre as linguas.

Alén diso, os procesos de substitución tienen un efecto multiplicador porque implican unha alteración dos modelos de comunicación: se unha comunidade X emprega como *lingua franca* a lingua da comunidade Y, e Y é substituída por Z, daquela Z pasa a ser a lingua fagocitadora de X, polo menos na función de *lingua franca* se X e Y seguen a ter contacto, ou ben se suprime o contacto. É por iso que unha planificación ecolingüística ten que partir das comunidades lingüísticas e das redes de comunicación establecidas, porque a súa alteración é unha maneira de abrir camiño aos procesos de substitución. A concepción da diversidade lingüística como un todo implica que as linguas non poidan ser contempladas como entidades autónomas e opostas senón que deben ser consideradas como elementos interrelacionados e interdependentes, cuxos avatares nos afectan a todos. A planificación ecolingüística, por tanto, debe evitar a elección de linguas e propor modelos que fagan posíbel a convivencia e a comunicación sen excluír ningunha lingua.

A aceptación plena destes principios xerais implica que o primeiro paso da planificación ecolingüística sexa a modificación das actitudes lingüísticas, que non é outra cousa que a modificación das actitudes cara a diversidade e a diferenza, e iso pasa inevitablemente pola educación, entendida no sentido máis amplo, e pola colaboración de todos os medios coa educación en e pola diversidade. O coñecemento é imprescindible para modificar as actitudes, e niso teñen que se comprometer todos os profesionais e todos os estamentos implicados. Poden aprobarse todas as leis e tomar todas as medidas que se queira para protexer a diversidade lingüística, pero se non se destrúe a percepción de que hai linguas mellores que outras, linguas imprescindíbeis e linguas prescindíbeis, tampouco se pode esperar que os falantes de linguas maioritarias renuncien á súa posición hexemónica e fagocitadora, nin que os falantes de linguas recesivas conserven aquilo que se converte tan facilmente en causa de marxinação. E, obviamente, tamén ao revés: se, malia a cambiar as actitudes lingüísticas –como está a pasar actualmente en moitas das comunidades indíxenas de América–, os falantes se atopan co feito de que a súa lingua os marxina igualmente, o proceso de homoxeneización lingüística seguirá o seu curso.

A modificación das actitudes lingüísticas pasa inevitablemente polo recoñecemento de todas as linguas como bens culturais e, como tales, transmisíbeis, acumulábeis e intercambiábeis, e este recoñecemento ten que ser recíproco, porque a reciprocidade é imprescindible para facer posíbel a convivencia. Ten que acabar a dinámica segundo a cal uns sempre teñen que aprender as linguas dos outros: se a todos nos interesa a comunicación, entón tamén os falantes das linguas hexemónicas teñen que ter acceso ás linguas subordinadas. Que os organismos internacionais perpetúen esta xerarquización na súa escolla de linguas oficiais e de traballo é unha das maneiras máis descaradas de consolidala e, ademais, unha forma de lexitimala. Ben se pode ir proclamando a igualdade de dereitos se o mesmo comportamento a conculca e ademais reproduce iso que pretendidamente se quere combater. E aos organismos internacionais podemos engadir as ONG que, reproducindo o modelo oficial, axudan a consolidalo. Sería bo saber, por exemplo, cantas das organizacións “sen fronteiras” contemplan como unha necesidade o coñecemento das linguas e a cultura das zonas onde actúan. [...]

O cambio nas actitudes lingüísticas va ligado á revitalización dos modelos comunicativos naturais. A verticalización da comunicación non é máis do que a penetración do poder nos ámbitos máis íntimos. E, ben mirado, se o poder quere entrar na nosa casa, polo menos que o faga na nosa lingua. Dáse por feito que somos os falantes os que temos que adaptarnos aos modelos que se

BASES PARA UNHA PLANIFICACIÓN ECOLINGÜÍSTICA

CARME JUNYENT

propoñen ou impoñen, pero se cadra xa é hora de que sexan os modelos os que se adapten ás necesidades dos falantes. E cando falo de necesidades quero dicir necesidades reais, non as impostas polo mesmo modelo que existe invariabelmente o coñecemento dalgunha das linguas dominantes para non ficar excluído.

A idea da “exclusión”, que se asocia a miúdo ás linguas recesivas ou subordinadas, non é máis do que outro dos espellismos que fomenta a verticalización da comunicación. Se calculamos as proporcións de tempo de uso de cada unha das linguas que coñecemos, constataremos que a meirande parte corresponde ás nosas primeiras linguas. ¿Por que se considera máis importante o coñecemento dunha lingua dominante que o coñecemento da lingua dos nosos veciños? A forza de dar prioridade ao coñecemento de linguas dominantes acaba por darse corpo á idea de que as linguas actúan como barreira cando, de feito, son instrumentos de comunicación. E non só iso: é que cando alguén non sabe a lingua oficial do seu país –aínda que saiba unhas cantas máis– se lle considera falto de algo e, en consecuencia, un cidadán evadido ou de segunda categoría. [...]

O que é salientábel destas sociedades multilingües, e que, de feito, é un modelo que se ten que revitalizar e incorporar á planificación da diversidade, é que o multilingüismo non implica substitución lingüística, como pasa tan frecuentemente nos casos de bilingüismo social. Neste sentido, cómpre lembrar que as comunidades lingüísticas subordinadas que historicamente conseguiron preservar as súas linguas son aquelas caracterizadas ben polo monolingüismo –e o consecuente illamento– ben polo multilingüismo. Foi recentemente, ao se difundir a teoría da necesidade dunha lingua común, cando se agudizaron os procesos de substitución.

A planificación ecolingüística debe ter como un dos seus obxectivos prioritarios a reactivación da comunicación horizontal, e por iso cómpre facela posíbel. A comunicación intergrupal foi sempre posíbel en comunidades multilingües, e só a implantación de linguas dominantes puído facer crer que era inviábel. Mais a inviabilidade só é debida ao feito de que os poderes monolingües non queren participar deste multilingüismo que, de feito, os ameaza. Para que vou facer o esforzo de falar a lingua dos outros se teño mecanismos para impor a miña? Pero se se acaba entendendo que a lingua proporciona este espazo onde o poder non chega, porque a súa mesma incapacidade lle impide chegar, daquela entenderase que as linguas son instrumentos poderosísimos de liberación. Poden arrebatarche a terra e o fogar, poden encarcerarte e escravizarte, poden marxinar e menosprezarte, mesmo poden cambiar o teu nome e o do teu país, pero o que non poden é arrebatarche a ligazón máis íntima cos teus antepasados e o teu pobo. O que non poden, se non queremos, é arrebatarnos a lingua. [...]

A revitalización da comunicación horizontal é unha das formas de contrarrestar un dos principais axentes da homoxeneización: a imposición dunha lingua única. De feito, os diferentes esquemas da planificación lingüística convencional sempre acaban levando ao mesmo lugar: á difusión dunha lingua común, que aínda hai quen ten o sarcasmo de chamar “vehicular”, como se houbera algunha lingua que non fose vehicular. Pero xa vimos que a planificación convencional ten por norma basearse en espellismos e, por tanto, antes de partir de esquemas reais de comunicación –que funcionan– xa presupon que cómpre unha lingua que “todos” poidan entender. Tal como dicía máis arriba, é moi probábel que alguén necesite máis a lingua que lle é propia que esta suposta lingua vehicular, pero o mito da comunicación “con canta máis xente mellor” fai esquecer decote que temos máis posibilidades de non atoparnos nunca con esa xente coa que queremos comunicarnos que de atopala. E no nome desta “comunicación internacional”, inexistente na maioría dos casos, renunciámos aos instrumentos que fan posíbel a comunicación cotiá.

Nun momento histórico caracterizado polas facilidades de comunicación e o desprazamento onde todos, de feito, formamos parte de comunidades multilingües, a revitalización dos sistemas de comunicación horizontal é imprescindible para garantir o respecto aos dereitos individuais e colectivos. Que a solución proposta habitualmente en casos de conflito sexa o respecto dos dereitos individuais e o fomento da lingua única non é máis do que unha mostra do cinismo das forzas homoxeneizadoras. Porque ao opor os dereitos individuais aos colectivos créase o espellismo de que estes son antagónicos e, por se non era dabondo, ofrécesenos a solución impagábel da lingua común, instrumento precioso para pisar uns e os outros. Xa dixemos que a lingua para existir precisa dunha comunidade que a fale e, por máis que a lingua viva nos individuos, se estes non a comparten coa comunidade, non teñen ningunha posibilidade de actualizala. O desequilibrio que se dá nos dereitos individuais segundo cal sexa a lingua é unha mostra máis do cinismo dos que postulan os dereitos colectivos como subordinados aos individuais. Calquera falante dunha lingua dominante ten máis posibilidades de ver os seus dereitos respectados que o falante dunha lingua recesiva; polo tanto, a cuestión real non son os dereitos individuais, senón a reafirmación da lingua dominante. Hai máis posibilidade de respectar os dereitos individuais se se respectan todas as linguas do mesmo xeito que se só se contempla a posibilidade de respectar algunhas. Neste ámbito é fundamental o principio básico da ecolingüística: a protección dos máis débiles, porque xa vimos que os organismos invasores van aproveitar calquera oportunidade para ocupar o ecosistema, e iso nas relacións de ecoloxía cultural non ten razón de ser.

Cómpre lembrar, por outra banda, que, polo que fai ás linguas, a norma son as comunidades con poucos falantes, e é xustamente a desproporción con respecto ás linguas con moitos falantes o que fai que as “normais” sexan máis vulnerábeis. O desequilibrio implícito na difusión de poucas linguas logo das colonizacións foise agudizando coa progresiva homoxeneización, e a precariedade actual implica que a alteración do equilibrio que se produce coa desaparición de calquera lingua crece a medida que diminúe o número de linguas existentes, porque crece a desproporción entre o número de linguas e o número de falantes. Por iso é urxente a protección das comunidades máis vulnerábeis, tanto coa non discriminación por razóns de lingua como cos incentivos que deberan derivar do feito de seren, estas, portadoras dun valor único para a humanidade. Se, como dicía Bratt Paulston, “o bilingüismo sostido dun grupo é pouco frecuente se hai a oportunidade de acceder á lingua dominante e hai incentivos, especialmente socioeconómicos, que motivan un cambio cara a lingua dominante”, daquela cómpre actuar en consecuencia e incentivar o mantemento da lingua recesiva. Ao final, a reciprocidade implica que o coñecemento de calquera lingua sexa incentivado e, dado que o coñecemento das linguas dominantes xa está incentivado, a protección do máis débil implica un incentivo engadido.

Aquí xa é previsíbel que os economistas leven as mans á cabeza, pero máis valería que as levasen polo desastre económico no que estamos inmersos. A que vén tanta acumulación se o tratamento dos residuos de todo tipo está a extenuarnos a todos. Semella evidente que unha economía baseada na diversidade sería moito máis equitativa e moito menos malversadora que a que estamos a sufrir actualmente. Só no ámbito da produción editorial, onde se supón que a máis mercado (=máis falantes) máis beneficio, cumpriría ver canta cantidade da produción se destrúe precisamente porque entra nun mercado saturado e, entrementes, comunidades enteiras que poderían consumir estes mesmos produtos destruídos –só con que a lingua fose outra– non poden ter acceso a eles. Xa dixen outras veces que, máis que calcular o custo do mantemento das linguas, cómpre calcular cal é o custo da súa perda –especialmente o custo da marxinação– e, cando fagan este cálculo, entón que nos veñan con argumentos económicos.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 ① cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na
 Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
 Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE MAIO

Arrolo interrompido
 (Broken Lullaby,
 Ernst Lubitsch, EUA,
 1932, 76', VOSG)

24 DE MAIO

A cadaquén o seu
 (To Each His Own,
 Mitchell Leisen, EUA,
 1946, 122', VOSG)

10 DE MAIO

Sesión especial para a festa do 17: Falas raras.

31 DE MAIO

As
 (Крылья [Krylya],
 Larisa Shepitko, URSS,
 1966, 85', VOSG)

17 DE MAIO

Carta de amor
 (恋文 [Koibumi],
 Kinuyo Tanaka, Xapón,
 1953, 98', VOSG)